



Colabora:



SOLICITUDE DE MATRICULA ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ANPA Millapeques CURSO 2018/2019

CONDICIÓNS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

1. As actividades extenderanse dende o 1 de outubro de 2018 ata o 31 de maio de 2019.
2. O prazo para solicitar actividades vai do 12 ao 21 de setembro, ás 16:30 hrs (non se aceptarán solicitudes fora do prazo).
3. Os nenos que renoven praza nunha actividade terán a súa praza reservada. (Deberán entregar igualmente o formulario de preinscripción e de matrícula).
4. Terán prioridade para obter unha praza os nenos con irmáns matriculados na mesma actividade.
5. A lista de admitidos publicárase o día 26 de setembro de 2018.
6. De haber máis solicitudes que prazas nalgunha actividade procederase a realizar un sorteo, tendo en conta o seguinte orde de prioridade: 1º Socios que renovan na actividade, 2º socios que se inscriben por 1ª vez, 3º Non socios que renovan actividade, 4º Non socios que se inscriben por primeira vez. Quedan excluídos/as das actividades aqueles/as alumnos/as que non estean ao corrente dos pagamentos da ANPA. De aboaren as cantidades pendentes, poderán solicitar praza pero non gozarán de preferencia.
7. Crearase unha lista de agarda para o caso de quedar en prazas vacantes.
8. Os/as usuarios/as do comedor poderán ser entregados polos monitores aos profesores das actividades que se desenvolven no centro, sempre e cando os pais/titores do/a rapaz/a asinen a autorización correspondente que deben entregar á coordinadora do comedor-tardes divertidas con anterioridade ao primeiro día de actividade. Dita autorización está dispoñible na páxina web: www.millapeques.es
9. Ao remate das actividades cada rapaz será recollido na porta do colexio polos seus titores ou persoas autorizadas por eles; de non ser así, o/a neno/a será entregado á autoridade competente (garda civil); no caso de reincidir en 3 ocasións sen xustificación o/a neno/a será expulsado/a da actividade.
10. Será condición indispensable a domiciliación bancaria do pago das actividades para poder matricularse.
11. Os gastos derivados da devolución dun recibo por parte da entidade bancaria correrán por conta do alumno/a.
12. O feito de non ter aboado en tempo un recibo suporá a expulsión do/a alumno/a da actividade se este non fai o pagamento antes do día 1 do mes seguinte a producirse o impago.
13. 13. Todas as actividades desenvolveranse na EEI Milladoiro agás a de "NATACIÓN", que será na piscina do ximnasio Squash. Será responsabilidade dos pais e/ou titores levar aos nenos/as ata o ximnasio, así como recollelos ao remate da actividade.
14. Para darse de baixa nalgunha/s actividade/s deberá facerse antes do día 20 do mes anterior á baixa efectiva. A baixa comunicárase vía email á dirección millapeques@gmail.com onde constarán os seguintes datos: nome do pai/nai, dni, nome d@ nen@ e nome da/s actividade/s. Tamén pode facerse cubrindo o impreso de baixa e depositándoo no buzón que ten a Anpa na escola.

*Lémbrese non permanecer dentro do centro escolar mentres se agarda.

A XUNTA DIRECTIVA ANPA MILLAPEQUES